



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE SETEMBRO DE 2009**

---Contrato: **OBRAS DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS A DÚAS MARXES EN OUZANDE (OBRA DO FEIL)"**.

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **16 DE SETEMBRO DE 2009**

- Visto o expediente tramitado, de contratación da obra se "Construcción de beirarrúas a dúas marxes en Ouzande (obra FEIL)".

Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación CONSTRUCCIONES SANGIAO, S.A.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

Visto o informe da Intervención municipal de data 14-09-09 e que formula reparo suspensivo ao gasto proposto.

Vista a Resolución da Alcaldía 1021/2009 que levanta o reparo formulado pola Intervención municipal.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 20/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS A DÚAS MARXES EN OUZANDE (OBRA FEIL)", por importe de 231.317,11 euros, á empresa CONSTRUCCIONES SANGIAO, S.A. con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.
- Copia dos contratos de traballo dos 3 traballadores desempregados que o licitador se comprometeu a contratar na súa oferta. Deberá tratarse de traballadores desempregados a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinados (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ao prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non poderá tratarse, polo tanto, de contratacións a tempo parcial, nin de contratacións baixo a modalidade de duración determinada, por unha duración de tempo inferior ao prazo de execución da

obra.

- Tarxetas de desemprego deses 3 traballadores desempregados contratados (inmediatamente anteriores a dita contratación).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e publicar a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 16 de setembro de 2009.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.